

GONDOVERÁN

QUÉ É GONDOVERÁN?

Gondoverán é un campamento de lecer e tempo libre preferentemente para fillos e fillas de familias traballadoras, co obxectivo de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral durante o mes de xullo, ao tempo que se potencia o desenvolvemento integral do neno/a a través dunha programación que combina o xogo con actividades creativas, culturais e coñecemento do entorno próximo, dende unha pedagogía do lecer baseada na educación en igualdade e hábitos saudables.



QUEN PODE PARTICIPAR?

100 Rapaces e rapazas que teñan o seu empadrouamento no Concello de Gondomar nados entre os anos 2006 (non poderán facer 13 anos antes da finalización do campamento) e 2016 (deberán ter feitos 3 anos ao inicio do campamento) e cuxos proxenitores sexan persoas traballadoras en activo (por conta allea ou propia).

En caso de quedar prazas serán admitidos doutros concellos, con preferencia de aqueles cuxos proxenitores sexan traballadores no municipio de Gondomar.

HORARIO



Todo o mes de xullo con sede nun centro educativo de Gondomar.

O seu horario de funcionamento será de 8.00 a 15.00 horas con posibilidade de incorporación de 8.00 a 9.00 e de saída de 14.00 a 15.00 horas.

PREZO

O prezo será de 65€ por neno/a

SOLICITUDE DE PRAZA

A solicitude deberá estar asinada polos pais/nais ou titores legais do/a menor, e presentada no Rexistro Xeral do Concello de luns a venres de 8.30 a 14h ou ata as 24h do 20 de maio a través da Sede Electrónica.

As 100 prazas serán adxudicadas por **rigoroso orde de entrega de documentación** no Rexistro Municipal ou Sede Electrónica, para aquelas solicitudes que entregaran correctamente toda a documentación dentro dos prazos establecidos.

LISTAXE DE AGARDA

As vacantes que se produzan por renuncia ou por calquera outro motivo ofreceránselles aos solicitantes que figuren na lista de espera. As renuncias non se incluírán na lista de espera e contactarase cos suplentes por teléfono ou enderezo electrónico dende o CIM

PAZOS

Solicitude: do 7 ao 21 de maio

Publicación provisional de admitidos/as: 24 de maio

Reclamacións: do 27 ao 29 de maio

Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as: 3 de xuño

Pagamento: do 4 ao 7 de xuño

DOCUMENTACIÓN

1. Solicitud de praza
2. Autorizacións e observacións médicas.
3. Obrigas do campamento asinadas polo país ou titores/as legais.
4. Fotocopia dos DNI dos país ou titores/as legais.
5. Fotocopia do libro de familia ou DNI do/a menor.
6. Fotocopia/s do/s DNI das persoas autorizadas á recollida do/a menor
7. Fotocopia da tarxeta sanitaria do menor ou menores ou seguro médico privado.
8. Volante de empadramento da unidade familiar.
9. De ser o caso, xustificación da ocupación actualizada dos país ou titores (fotocopia da última nómina, certificación de empresa, vida laboral ou calquera outra tipo de documentación que acredite dita situación, no caso de traballadores por conta allea; ou do último recibo do pagamento da cota á seguridade social no réxime especial de traballadores por conta propia, no caso de traballadores/as autónomos/as).

GONDOVERÁN

X U L L O 2019

ORGANIZA E FINANCIA:

CONCELLELARIA

DA
IGUALDADE
GONDOMAR



CONCELLO DE GONDOMAR

COFINANCIA:

 **DEPUTACIÓN**
PONTEVEDRA

